



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1/2006.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Emilio López Pérez

VOGAIS:

D. Javier Bruña García

Dna. Lorena Otero López

D. Xosé Manuel Fernández Varela

D. Manuel Veiga Franco

SECRETARIA:

Dna. Ana Manuela Belinchón Jiménez

Representantes da comunidade:

D. Manuel A. Fernández González

Dna. Asunción González López

Na cidade de Lugo, o día vinteseite de xuño de dous mil sete, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 1/2006 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE XESTOSO**, no concello de **CERVANTES**, iniciado por acordo do Xurado do 28 de xuño de 2006, sendo vocal instructor **D. JAVIER BRUÑA GARCÍA**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instructor (coa data do 10 de outubro de 2006), iniciouse o expediente número 1/2006 (por instancia de **D. Ricardo Fernández González**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 11 de outubro de 2006, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 11 de outubro de 2006, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Becerreá**, os documentos seguintes:



1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 19 de outubro de 2006, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **DE XESTOSO**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

QUINTO: Coa data do 24 de xaneiro de 2007, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Becerreá, na que se fai constar que o monte **DE XESTOSO**, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro.

SEXTO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle ao concello do **CERVANTES** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Becerreá, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

NOVENO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DON RICARDO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ** como solicitante da clasificación.

DÉCIMO: Coa data do 29 de xaneiro de 2007, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 15 de febreiro de 2007, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Becerreá, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra A, predio 7.378, libro 90 do concello de Cervantes, folio 42, tomo do arquivo 464).

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 22 de febreiro de 2007, ten entrada escrito asinado por **D. MANUEL ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ**, veciño do lugar de Riamonte de Abaixo, no que manifesta que ven aproveitando parte do monte de XESTOSO (20,2639 ha), por autorización administrativa outorgada polo concello de Cervantes, computando esta superficie a efectos da solicitude de axudas da PAC. Xunta copia de informes emitidos polo concello en relación coa superficie aproveitada no monte, así como de documentación aportada para as solicitudes de axudas dirixidas ao ILGA, e remata solicitando que se teña en conta o manifestado de cara a continuar co aproveitamento do monte.



DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 26 de febreiro de 2007, ten entrada escrito asinado por **DNA. ASUNCIÓN GONZÁLEZ LÓPEZ e dous veciños** mais do lugar de Riamonte de Arriba, no que manifestan que veñen aproveitando o monte de XESTOSO dende tempo inmemorial, e xuntan copia de diferentes documentos e escrituras, que, consideran, acreditan este aproveitamento. Rematan solicitando que se teña en conta o manifestado de cara a recoñecerlles os seus dereitos no monte.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 2 de marzo de 2007, ten entrada novo escrito asinado por **DNA. ASUNCIÓN GONZÁLEZ LÓPEZ e outro veciño** mais do lugar de Riamonte de Arriba, no que manifestan que veñen aproveitando o monte de XESTOSO dende tempo inmemorial, e que o acreditan xuntando un informe do alcalde do Concello. Rematan solicitando que se teña en conta o manifestado de cara a recoñecerlles os seus dereitos no aproveitamento do monte aos veciños de Riamonte de Arriba e Xestoso.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 2 de marzo de 2007, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 44, páxina 3.213, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE XESTOSO**.

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 14 de marzo de 2007, tivo entrada certificación do concello de Cervantes, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello desde o día 2 de febreiro ata o 9 de marzo de 2007.

DÉCIMO SETIMO: Coa data do 15 de marzo de 2007, ten entrada escrito asinado por **D. JESÚS DÍAZ DOVAL**, no que manifesta que é propietario de varios predios sitos no lugar de Xestoso, adquiridos ao Estado mediante escritura de compravenda no ano 2004, e, posteriormente, inscritas no Rexistro da Propiedade, en concreto, considera que dous delas, a parcela 157 do polígono 99 e a 5 do polígono 100, estarían incluídas dentro do perímetro do monte que se pretende clasificar. Remata solicitando que se exclúan as parcelas da súa propiedade, e xunta copia da documentación referida.

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 3 de abril de 2007, ten entrada escrito asinado por **D. RICARDO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ**, solicitante da clasificación, no que manifesta, en relación coas reclamacións presentadas por **MANUEL ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, ASUNCIÓN GONZÁLEZ LÓPEZ, FELIPE VALCARCEL SANTÍN e AMALIA GONZÁLEZ GONZÁLEZ**, que ningunha delas ten relación co monte obxecto do expediente, posto que, o primeiro deles, que é o seu irmán, perdeu todo dereito ao monte por irse a vivir a outro pobo, sendo, a documentación que aporta, documentos que pertencen á casa, e que a relación das parcelas presentadas ao ILGA, son as do polígono 100 sitas ao norte e solpor do Chao da Serra, e que o monte **DE XESTOSO**, queda fora da relación. Con respecto ao resto da documentación aportada, fai observacións de cada unha delas, manifestando que se refiren a zonas de comunidade romana, non común, zonas que non son monte, ou predios situados fora da zona de monte común.

DÉCIMO NOVENO: Coa data do 16 de abril de 2007, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **VILARELLO**, no concello de **Cervantes**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE XESTOSO**, (con voz pero sen voto).

VIXÉSIMO: Coa data do 2 de maio de 2007, recibíuse comunicación da comunidade de veciños de **XESTOSO**, concello de **CERVANTES**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:



- **DON MANUEL ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ**
- **DONA ASUNCIÓN GONZÁLEZ LÓPEZ**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

- 2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, cabe facer dúas diferenciacións:
- por unha banda as reclamacións presentadas polos veciños de Riamonte de Arriba e de Abaixo encabezadas por Manuel Antonio Fernández González e Asunción González López, que reclaman un dereito de aproveitamento, dos veciños destes lugares, no monte De Xestoso, baseándose na documentación que aportan, na que non se acredita un aproveitamento do monte, de xeito consuetudinario en réxime de comunidade sen asignación de cotas, como establece a Lei, senón que a conclusión á que se chega sobre o aproveitamento dos predios referidos na mesma, é precisamente toda a contraria, e estaríamos en presenza dunha zona en comunidade romana ou por cotas, confirmando o que, de xeito detallado aprecia o solicitante da clasificación no seu escrito presentado con data 3 de abril do presente, sobre a existencia de dúas zonas no monte DE XESTOSO, unha en comunidade romana (que non é obxecto deste expediente), e outra en comunidade xermánica, que é a zona que se propón clasificar. O resto de documentación aportada son solicitudes de axudas para a declaración de superficies forraxeiras (tramitadas en anos recentes), ás que tamén se refire o informe do Concello de Cervantes, emitido con esta única finalidade, en nada acreditan, tampouco, o devandito aproveitamento de xeito consuetudinario por parte destes veciños. A isto hai que engadir o feito de que os veciños destes dous lugares (Riamonte de Arriba e Riamonte de Abaixo), xa teñen clasificados os seus respectivos montes veciñais en man común, de xeito independente.
 - por outra banda está a reclamación efectuada por Jesús Díaz Doval, que presenta documentación acreditativa da existencia de dúas parcelas catastrais, debidamente escrituradas e rexistradas, que se sitúan dentro do perímetro incluído na carpeta-ficha, polo que procede a súa exclusión da zona a clasificar.

Atendendo pois, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE XESTOSO**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE XESTOSO**
Pertenza: **veciños do lugar de XESTOSO**
Parroquia: **Vilarello**
Concello: **CERVANTES.**
Superficie: **40,1 hectáreas.**



Estremas:

Norte: Camiño antigo de Campo de Couso e predios dos veciños de Vilarello e San Miguel.

Sur: Límites de Comunidades Autónomas e predios particulares dos veciños de Riamonte, Xestoso e Comeán.

Leste: Predios particulares dos veciños de San Miguel e Castiñeira (prov. de León).

Oeste: Terreos dos veciños de Xestoso, Riamonte de Arriba e Comeán.



CARPETA DEL MONTE:

“XESTOSO”

COMUNIDAD PROPIETARIA:


VECINOS DE XESTOSO

TÉRMINO MUNICIPAL:

CERVANTES

2006

4735500
4735000
4734500
4734000
4733500
4733000



665500

666000

666500

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Delegación Provincial de Lugo Servizo de Montes e Industrias Forestais		Ronda da Muralla, 70, Baixo 2º 27071 - Lugo	 medio rural
Escala: 1:10000		MONTE "XESTOSO" PERTENZA: Veciños de Xestoso CONCELLO: Cervantes	
Lenda:  Limite M.V.M.C. Xestoso Superficie: 40,1 Ha  Parcelario catastral		Lugo, 22 de xuño de 2007 O xestoso de montes Fernando Ferragón Méndez Núñez	